# Declaración de interese para VERIFICACIÓN/MODIFICACIÓN de títulos de GRAO que se implanten no curso 2025/2026

Normativa reguladora máis relevante: RD 822/2021 polo que se establece a organización das ensinanzas universitarias e o procedemento da garantía da súa calidade, Decreto 222/2011 polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia modificado polo Decreto 161/2015, Orde do 20 de marzo de 2012 pola que se desenvolve o Decreto 222/2011 e Acordo do Consello de Goberno do 31 de outubro de 2022.

| | |
|---|---|
| Denominación do título de GRAO proposto | Enxeñaria Agraria |
| Centro de impartición na UVIGO | Facultade de Ciencias |
| Obxectivos do título | - Coñecer e comprender os conceptos básicos de carácter científico con aplicación directa á enxeñaría agraria.<br>- Coñecer e comprender os conceptos específicos relacionados coa produción animal e vexetal.<br>- Coñecer e comprender os conceptos específicos relacionados coa xestión medioambiental no medio rural.<br>- Coñecer e comprender os conceptos específicos relacionados coa enxeñaría no medio rural.<br>- Coñecer e comprender os conceptos específicos relacionados coa organización e xestión de industrias agrarias e agroalimentarias.<br>- Coñecer e comprender os conceptos específicos relacionados con enxeñaría e tecnoloxía dos alimentos.<br>- Coñecer e comprender os conceptos específicos relacionados coa enxeñaría das industrias agrarias e agroalimentarias.<br>- Coñecer e comprender os conceptos específicos relacionados coa tecnoloxía da produción hortofrutícola.<br>- Coñecer e comprender os conceptos específicos relacionados coa enxeñaría do medio ambiente e da paisaxe.<br>- Coñecer e comprender os conceptos específicos relacionados co desenvolvemento sostible. |
| Data da xunta de centro na que se aproba a proposta | 22/11/2023 |
| Persoa de contacto no centro | Nome: Pedro Antonio Araujo Nespereira |
| | Email: sdefco@uvigo.es |
| | Teléfono: 988387061 |
| É a proposta unha modificación de oferta xa existente? | X Si ☐ Non |
| | Se se trata dunha modificación dun título existente, indicar nome do título de orixe: Grao en Enxeñaría Agraria<br>Nota: Proponse unha modificación non substancial co fin de adscribir a titulación aos novos ámbitos de coñecemento do RD 822/2021. O ámbito de coñecemento máis adecuado para o Grao en Enxeñaría Agraria é "Ciencias agrarias y tecnología de los alimentos". |

| | |
|---|---|
| É a proposta un título de GRAO ligado a competencias profesionais reguladas | ☐ Non |
| | X Si,<br>Profesión regulada: Enxeñeiro Técnico Agrícola: Industrias Agrarias e Alimentarias, e Hortofruticultura e Xardinería |
| É unha proposta de carácter interuniversitario? | X Non |
| | ☐ Si, indicar universidades participantes, con indicación expresa da universidade coordinadora: |
| Cumpre os requisitos xerais establecidos no artigo 4 do Decreto 222/2011 de 2 de decembro polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais? | ☐ Non |
| | X Si<br>**Requisito 1:** Graduado en Enxeñería Agraria implica a formación para a profesión regulada de Enxeñeiro Técnico Agrícola (Industrias Agrarias e Alimentarias, Hortofruticultura e Xardinería). Esta profesión é chave dentro da estrutura económica da nosa Comunidade Autónoma para impulsar un sector estratéxico primario moderno e competitivo.<br>**Requisito 2:** Dada a importancia estrutural do sector primario e as agroindustrias e tendo en conta que a inserción laboral dos egresados é na actualidade do 100%, é evidente o carácter esencial e estratéxico do título para dar resposta ás necesidades formativas e científicas do Sistema Universitario de Galicia.<br>**Requisito 3**: Posto que existe na Universidade de Vigo esta titulación e se trata dunha modificación non substancial para adaptala o novo RD 822/2021, xa conta cos recursos necesarios para a ser impartida.<br>**Requisito 4:** Os sectores económicos aos que se dirixe o título contan cun alto grado de autoemprego e espírito emprendedor. Esta iniciativa laboral tamén se fomenta no título, de feito unha boa parte das e dos tituladas/os crean emprego no rural ou para o rural, contribuíndo ao reto demográfico.<br>**Requisito 5:** O título contempla sistemas de innovación e de capacitación dos estudantes participando en redes internacionais de calidade.<br>**Requisito 7:** Non coincide con obxectivos e contidos doutros títulos nesta universidade.<br>**Requisito 6 e 8:** Os mecanismos de revisión do título e o encadre da proposta na oferta global galega, xa foron xustificados previamente. Trátase dunha modificación menor que non afecta ao equilibrio entre campus. |
| Departamentos que poderían participar na docencia (indicar relación) | Bioloxía Vexetal e Ciencias do Solo<br>Química Analítica e Alimentaria<br>Enxeñaría Eléctrica<br>Enxeñería Química<br>Enxeñaría dos materiais, mecánica aplicada e construción<br>Enxeñaría dos recursos naturais e medio ambiente |
| Incluír unha proposta de composición da comisión redactora da memoria (indicar expresamente os membros da comisión) | Pedro Antonio Araujo Nespereira, Decano do Centro<br>Beatriz Gullón Estévez, Vicedecana de Calidade<br>Carmen Seijo Coello, Coordinadora do Grao en Enxeñaría Agraria |

A data límite para enviar a declaración de interese sobre novas propostas de GRAO que se pretendan implantar no 2025/2026 é **o 24 de novembro de 2023.**

- Enviar a verifica.grao@uvigo.es